



## Concello de Sarria

### **ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE EDUCACIÓN, FESTAS, MULLER, INTEGRACIÓN, MATADÓIRO E BENESTAR ANIMAL DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA I EDICIÓN DO CONCURSO DE SOBREMESAS “UN NADAL CON SABOR”.**

Coa finalidade de recuperar a realización de sobremesas típicas de nadal e tradicionais nunha época na que os doces toman un papel protagonista.

#### **PROPOÑO:**

Organizar a I edición do Concurso de Sobremesas “Un Nadal con sabor” 2023 de acordo coas bases reguladoras que se expoñen a continuación:

#### **PRIMEIRO. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA I EDICIÓN DO CONCURSO DE SOBREMESAS UN NADAL CON SABOR 2023.**

A) Participantes: Poderán participar todas as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade no momento de realizar a inscripción de participación.
- Non ser profesional desta materia.

#### **B) Condicións:**

- Os doces deben de estar relacionados coa temática de Nadal (pola presentación, os ingredientes, o tipo de doce...).
- Os doces presentaránse xa elaborados e en perfectas condicións para ser consumidos e deberán ser consumibles para un mínimo de 5 comensais.
- Para que o concurso sexa efectivo deberá haber un mínimo de 5 inscritos.

#### **SEGUNDO. INSCRICIÓN.**

A) Data e forma de inscrición e presentación: A inscrición realizarase mediante correo electrónico entre os días 12 e 22 de decembro acompañada do Anexo I o correo [sobremesa.nadal@sarria.gal](mailto:sobremesa.nadal@sarria.gal). A inscrición non será efectuada se a/o participante non recibe un correo coa confirmación da recepción por parte do Concello de Sarria. Non se admitirán inscricóns presentadas fora do prazo e medios establecidos nestas bases.

As bases do concurso poderanxe descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria [www.sarria.es](http://www.sarria.es) e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>.

B) Aceptación das bases: O simple feito de participar co envío da inscripción significa a aceptación das bases deste concurso.





## Concello de Sarria

C) Tratamento de datos: Os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Sarria, coa única finalidade de xestionar o proceso de participación no Concurso de Sobremesas “Un Nadal con sabor”. En ningún momento se emplegará esta información para outras actuacións. As autoras e autores poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos mediante escrito ao correo electrónico, ou ao Concello de Sarria Rúa Maior 14, 27600 SARRIA (LUGO).

O Concello de Sarria comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

### TERCEIRO. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €

4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

### CUARTO. PRESENTACIÓN DAS SOBREMESAS.

As sobremesas presentaranse listas para degustar o **26 de decembro as 17:00h no mercado de Nadal da Praza da Vila**, en perfectas condicións de consumo e en bandexa desbotable. Irán acompañadas cun sobre onde figurarán os ingredientes utilizados. Cada sobremesa debe de ter un nome que non identifique o participante.

### QUINTO. COMUNICACIÓN AOS GAÑADORES.

Un xurado de 3 membros evaluará o sabor, a elaboración, a orixinalidade e a creatividade da presentación. A identidade dos participantes non será desvelada ata a asignación dos premios. Comunicarase os premios e publicarase a información na páxina web e nas redes sociais.

### SEXTO. CESIÓN DO USO DA IMAXE E DA RECEITA

A concelleira resérvase o dereito de realizar a publicación da imaxe e da receta das sobremesas recibidas, facendo mención á persoa que o elaborou.

### SÉPTIMO. OUTROS.

Todas as dúbidas, problemas e queixas que xurdan na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concellera Delegada.

